

Expediente núm.: 7312/2018

Procedemento: Contratación aberto simplificado de obras por lotes

Asunto: EDUSI: Contratación obra, Rehabilitación das Vivendas dos Mestres e Rehabilitación Enerxética da Biblioteca

Data de iniciación: 29/10/2018

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que con data 22 de novembro de 2018 apróbase expediente de contratación por decreto de alcaldía núm. 2018-3153, mediante procedemento aberto simplificado, para a Contratación obra, Rehabilitación das Vivendas dos Mestres e Rehabilitación Enerxética da Biblioteca.

Visto que con data 22 de novembro de 2018 procédese á publicación do anuncio de licitación.

Vista a acta da mesa de contratación de data 20 de decembro de 2018 na cal propónse adxudicar o contrato de obras de restauración e rehabilitación de catro vivendas para emerxencia social (lote 1) e o contrato de obras mellora de eficiencia enerxética na Biblioteca-Museo (lote 2), nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas á Entidade Mercantil Innova Profesional Desenvollos, S.L.

Visto que con data 20 de decembro de 2018 requírese á Entidade Mercantil Innova Profesional Desenvollos, S.L. a documentación necesaria recollida nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

Visto que con data 21 de decembro recíbese por rexistro a documentación requirida.

Visto o informe relativo á validez da documentación presentada, elaborado polo técnico Víctor Ángel Varela Caride, con data 26 de decembro de 2018.

Visto o informe xurídico favorable con data 28 de decembro de 2018.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Declarar admitidos os seguintes licitadores:

Lote n.º 1

Entidade Mercantil Innova profesional Desenvollos, S.L.

Lote n.º 2

Entidade Mercantil Innova profesional Desenvollos, S.L.

SEGUNDO- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións **admitidas neste procedemento**, na orde anteriormente exposta.

TERCEIRO Adxudicar o contrato de obras de restauración e rehabilitación de catro vivendas para enerxencia social (lote 1) e o contrato de obras mellora de eficiencia enerxética na Biblioteca-Museo (lote 2), nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas á Entidade Mercantil Innova Profesional Desenvollos, S.L. por uns importes de 202.042,13 euros e 154.678,31 euros (IVA incluído), respectivamente.

CUARTO. Dispoñer o gasto correspondente de conformidade co establecido no Informe de Intervención de data 22-11-2018.

QUINTO. Publicar anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

SEXTO. Designar como responsable do contrato do lote 1 ó Director Facultativo da obra D. Federico García Gil e do lote 2 ó Director Facultativo que está por determinar.

SÉTIMO. Notificar a Entidade Mercantil Innova profesional Desenvollos, S.L. adxudicataria dos contratos, lote n.º 1 e lote n.º 2, a presente resolución e citalo para a firma do contrato que terá lugar en dentro do prazo de cinco días a contar a partir do día seguinte da recepción do presente.

OITAVO. Publicar anuncio de formalización dos contratos no Perfil do contratante no prazo non superior a quince días trala perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

NOVENO. Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos dos contratos incluíndo a identidade do adxudicatario, os importes de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez

(documento asinado electrónicamente)